

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA (COPG) E A UNIÓN DE FEDERACIÓN DEPORTIVAS GALEGAS (UFEDEGA)

Reunidos, dunha parte Dona M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colegio Oficial de Psicología de Galicia (en adiante COPG), actuando en nome e representación do mesmo en virtude das facultades que lle confire o artigo 24 dos seus Estatutos, de acordo co Decreto 46/2021, de 22 do 4 de marzo, polo que se aproban os Estatutos do Colegio Oficial de Psicología de Galicia.

Doutra parte Don Bruno López Molina, como Vicepresidente e representante da UNIÓN DE FEDERACIÓN DEPORTIVAS GALEGAS (en adiante UFEDEGA) con domicilio en Estado Municipal Vero Boquete de San Lázaro, p4, 15703 Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

Que o COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA (COPG) é unha Corporación de Dereito Público, que ten como fins principais, entre outros, fomentar a promoción e o desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, mediante a oferta dunha ampla variedade de servizos e actividades propias, que se proxectan en diferentes ámbitos do servizo colexial: formativos, de investigación e comunicación, publicacións especializadas e asesoramento técnico e profesional, entre outros.

Que a UNIÓN DE FEDERACIÓN DEPORTIVAS GALEGAS (UFEDEGA) é unha entidade sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son:

- Promover, defender e representar o deporte federado galego.
- Defender os intereses comúns das Federacións Deportivas Galegas asociadas.
- Establecer as estruturas administrativas ou de asistencia técnica as Federacións Deportivas de Galicia, e exercer de canle entre elas.
- Asesorar e colaborar coas institucións públicas e privadas de todo tipo, no referente o deporte federado galego en xeral, e o seu desenvolvemento e mellora.
- Fomentar o deporte, como un medio básico, para o desenvolvemento integral do individuo.
- Divulgar unha conducta ética deportiva.
- Apoiar e promover as seleccións galegas nas competicións estatais e internacionais.
- Propoñer cantas iniciativas sexan necesarias para unha mellor política deportiva galega.
- Calquera outro fin de acordo cos presentes estatutos e normas vixentes, con respecto as funcións e competencias propias das Federacións asociadas.

Polo que, ACORDAN SUBSCRIBIR O PRESENTE ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN para proxectos, accións ou actividades que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos que se consideren e acorden de forma conjunta, coas seguintes

ESTIPULACIONES

1. Ambas as dúas entidades comprométense a colaborar nos servizos que poidan ser de interese común e que requiran a unión de esforzos para a realización das actividades obxecto deste Acordo.
2. Ambas as dúas partes comprométense a promover accións convxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as dúas entidades, co fin de obter un desenvolvemento dinámico e efectivo do Acordo, para o que as organizacións aquí representadas informarán a todos os seus representados/as e promoverán o seu desenvolvemento e implicación activa.
3. As partes asinantes deste documento acordan, asemade, a creación dunha Comisión de Seguimento, formada por Dona M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG e M^a Dolores González Fernández, coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte, en nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e por Don Rafael Louzán Abal e Carmelo Galiñanes Fernández, en representación de UFEDEGA. A mesma reunirase, como mínimo, unha vez ao ano, ou a requirimento de calquera das partes cantas veces sexa necesario e polo medio que se estime más conveniente, con polo menos unha semana de antelación. Cada un dos representantes poderá nomear a outra persoa para participar na mesma ou que o represente en caso de ausencia. En casos que o xustifiquen, poderán estar presentes aquelas persoas que así se considere atendendo á necesidade, particularidade ou relevancia do encontro.
4. En dita Comisión adoptaranse as decisións operativas e organizativas para a posta en marcha de calquera actuación e proxecto convxunto. Ademais de dita Comisión abriranse espazos de comunicación e colaboración entre os técnicos de ambas entidades.
5. Se do presente acordo se derivaran proxectos concretos, elaborarase pola Comisión de seguimento un protocolo de actuación específico que se axuntará ao presente documento.
6. Nos documentos que se xeren, materiais ou similares, farase constar a colaboración de ambas as dúas entidades cos seus respectivos logos.
7. O presente convenio renovarase tácita ou expresamente, de forma indefinida, salvo denuncia expresa dalgunha das partes.
8. Calquera dúbida ou discordia que poida xurdir no seu desenvolvemento será resolta de común acordo entre as partes asinantes.


En proba de conformidade, as persoas que figuran na comparecencia asinan o presente documento en Santiago de Compostela, 9 de Marzo de 2022.

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



M^a Rosa Álvarez Prada

Unión de Federacións Deportivas Galegas



Bruno López Molina

NOME:
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
E16128B21DDE734AABF4285DD008E8B0B0B4A629
14/03/2022

POSTO:
Sala de Órgano

